

UN PARAÍSO NON PERDIDO

XOSÉ MEXUTO

Que difícil é escravillar na memoria dun e figurarse un como era hai 25 anos e, porén, ese un e o que agora somos non difiren na esencia en practicamente nada, ou se callar si e ese un que situámos hai 25 anos non é máis que unha construción elaborada agora. E o curioso é que hai escenas que se lembran nidiamente, como se acontecesen hai un chisquiño, e quizá non sexan as máis esclarecedoras, mais si se gravaron a lume na memoria, e outros episodios talvez máis iluminadores se conservan de maneira fragmentaria e non hai xeito de resgatalos cun mínimo de coherencia.

Lembro a reunión en que parimos o antecedente de Intres, unha publicación efímera que tomou como título Xente Nova. 1980. Tempos de revolución, sandinista, iraniana, escoitastes que morreu John Lennon. Durou un curso, primeiro de BUP. En Segundo foi substituída por Intres. O de Xente Nova era máis denotativo, mais é posíbel que Intres fose un achado mellor porque é precisamente iso o que fica de nós, os intres que ou ben mereceron a pena ou ben tiveron algún tipo de valor non sempre doado de identificar para gañarse un sitio na memoria.

Eu ía para profesor de Historia até que Intres se cruzou no camiño e virei

xornalista con ínfulas de escritor irrevogabelmente. Fixemos un xornal de grande calidade literaria, con grande variedade de xéneros, na época da multicopista, Internet era tan ciencia ficción como a teoría das supercordas. Había moito de autoxestión, moito de treboada de ideas na Redacción, e moito, moitísimo, todo, de Rosendo.

Difícil fuxir da haxiografía (e non hai dupla intención) cando se fala de Rosendo. Din que os bons libros son aqueles que conseguen que ao rematar de lelos o lector se teña convertido nunha mellor persoa. Se os bons profesores son como os bons libros, Rosendo era o mellor. Xa non pola súa bonhomía, senón pola capacidade que tiña (e xuro que esa habelencia é endiañadamente difícil de igualar) por dirixir sen que se notase que dirixía. Os mozos e as mozas de Intres representabámonos mentalmente como os responsábeis da publicación, mais non se tería escrito unha folla do xornal de non ter existido Rosendo.

Intres é máis que un xornal. É a historia dun instituto. Creo que era o escritor Max Aub quen dicía que un é do sitio onde fixo o bacharelato. Eu son do sitio que produciu Intres. Un paraíso felizmente non perdido.

